Área de Deportes
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# RUTAS AO AIRE LIBRE

## Costa de Sorrizo aos Milagres de Caión

**18 de abril de 2026**



Área de Deportes
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



***DATA:*** sábado 18 abril 2026

***HORARIO:***

- **Quenda de mañá**: hora de inicio 10.00
  Hora prevista de finalización 14.00

***PUNTO DE SAÍDA:***

43.311135, -8.560020 (google maps).

Rúa Punta Alta, 28-36, 15144 Arteixo, A Coruña
punto de inicio - Google Maps

***PUNTO DE CHEGADA:***

43.311135, -8.560020 (google maps).

Rúa Punta Alta, 28-36, 15144 Arteixo, A Coruña

punto de inicio - Google Maps

***TELÉFONO DE CONTACTO* (só para o día da ruta):**
636 55 74 91
***RECOMENDACIÓN:*** acudir con calzado con boa suxeición, gorra, crema solar e bastóns.

***DESCRICIÓN:***
Ruta circular de aproximadamente 10 km que comeza na Praia de Barrañán e percorre un fermoso tramo da costa. O itinerario segue cara aos cantís, pasando pola espectacular Fervenza de Augacae, onde a auga cae directamente ao mar. Continúa ata a Capela dos Milagres, punto en que se inicia o regreso polo interior. Na volta, a ruta transcorre por camiños de monte e zonas rurais, atravesando núcleos como O Petón e Sorrizo, para regresar finalmente ao punto de inicio.

**Puntos de interese:** praia de Barrañán, cantís da costa, fervenza de Augacae, Capela dos Milagres, núcleos tradicionais como O Petón e Sorrizo.

**Contorno natural:**
Contorno costeiro atlántico con presenza de vexetación adaptada ao vento e á salinidade, como toxos e matogueira baixa. Nos tramos de interior, atopamos zonas de monte con piñeiros e eucaliptos. Destacan os cantís e as formacións rochosas, así como a biodiversidade mariña e as aves costeiras.

***NIVEL DE DIFICULTADE***: baixa

***DISTANCIA:*** 11,5 km

***DURACIÓN APROXIMADA:*** 3 horas 45 minutos + paradas.

***GRUPO MÍNIMO/MÁXIMO:*** 8 - 35 persoas

Área de Deportes
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*MAPA:*



Área de Deportes
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*PERFIL:*



***DATOS MIDE:***

| MIDE | |
|---|---|
| Horario - 3 h 45 min | Severidade do medio natural - 1 |
| Desnivel de subida - 430 m | Orientación no itinerario - 2 |
| Desnivel de baixada - 430 m | Dificultade no desprazamento - 2 |
| Distancia horizontal - 11,5 km | Cantidade de esforzo necesario - 3 |
| | Tipo de percorrido - Circular |

| COMO INTERPRETAR A LENDA *MIDE* |
|---|
| **Medio. Severidade do medio natural**<br>1 O medio non está exento de riscos<br>2 Hai máis dun factor de risco<br>3 Hai varios factores de risco<br>4 Hai bastantes factores de risco<br>5 Hai moitos factores de risco |
| **Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario**<br>1 Camiños e cruzamentos ben definidos<br>2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade<br>3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais<br>4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza<br>5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear |
| **Desprazamento. Dificultade no desprazamento**<br>1 Marcha por superficie lisa<br>2 Marcha por camiños de ferradura<br>3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares<br>4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio<br>5 Require pasos de escalada para a progresión |
| **Esforzo. Cantidade de esforzo necesario**<br>1 Ata 1 h de marcha efectiva<br>2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva<br>3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva<br>4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva<br>5 Máis de 10 h de marcha efectiva |
| *Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado*<br>*O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)* |